



Proposta de planificación do P.F.P.P.

curso 2018/2019

Estrutura do PFPP:

Pode participarse nun deles ou nos dous, cada un ten ou seu certificado.

| Itinerario 1 | | Itinerario 2 | |
|----------------------------------|--|--|--|
| Liña | 14: Programación, desenvolvemento e avaliación de competencias clave segundo os novos currículos | 32: Iniciativas formativas no ámbito STEM (ciencia-tecnoloxía-enxeñería-matemáticas) | |
| Título do itinerario | Programación e avaliación das CC a partir do currículo nas aulas. | Introdución da robótica nas aulas.. | |
| Actividade: Seminario, GT, curso | SEMINARIO: A programación de aula: introducindo o currículo no día a día das aulas. | SEMINARIO: Introdución da robótica nas aulas | |

Situación no P.F.P.P.: 4º de 4 cursos en total (este ano rematamos, habería que pedir outro para o curso que ven)

- O feito de anotarse no FPPP implica alomenos participar nunha das dúas actividades propostas.

- O CFR emite un certificado ou dous, segundo se participe, polo número de horas das respectivas actividades.

ITINERARIO 1: Programación e avaliación das CC a partir do currículo nas aulas

Liña 14: “Programación, desenvolvemento e avaliación de competencias clave segundo os novos currículos”

| Actividade | Título | horas | distribución horaria |
|------------|---|-------|-------------------------------|
| Seminario | “Programación e avaliación das CC a partir do currículo nas aulas,” | 20 | Traballo persoal (4 h.) ** |
| | | | Reunións (12 h.) ** |
| | | | Docencias a custe 0 (3 h.) ** |

PARTICIPANTES:

- Aqueles interesados segundo o que se trate en cada unha das reunións (asinarán a asistencia a tódalas reunións)

Planificación e calendario de reunións:

Obxectivo: Seminario onde terán lugar unha serie de reunións-docencias sobre diferentes temas tratados ó longo destes anos de PFPP. Son aspectos que fóstedes comentando.

Proposta de planificación do traballo:

- Reunións como as do curso pasado:** o 4º martes de mes ás 16:00 h alternadas co outro seminario
- Traballo a desenvolver nas reunións-docencias:
 - Como agrupar os instrumentos de avaliación (avaliación real nas aulas)
 - Deseño de tarefas para traballar as CC nas aulas (como planificalas en UDIS)
 - Os proxectos de traballo (como un tipo de tarefa e como planificalas en UDIS)
 - Revisar os perfiles de área e competenciais a partir da posta en práctica, para introducir as modificacións oportunas
 - Rematar o Proxecto Educativo (as partes que quedan para a súa aprobación en Consello Escolar)
 - Uso da páxina web (publicar, subir fotos...)
 - Outros que se propoñan....

Docencias:

- 4 horas:** a custo 0 por parte do coordinador (realmente serán en todas as reunións que se establezan pero por fixar un número)

Materiais elaborados a entregar en xuño coa memoria. (rematados a finais de maio)

- como é o último ano do PFPP imos remitir toda a documentación elaborada nestes catro anos de traballo (perfiles, documentos de acordo, etc...)





ITINERARIO 2 : Introducción da robótica nas aulas

Liña 32: “Iniciativas formativas no ámbito STEM (ciencia-tecnoloxía-exeniaria-matemáticas)”

| Actividade | Título | horas | distribución horaria |
|----------------------|-------------------------------------|-------|-------------------------------|
| Seminario ou GT | “Introdución da robótica nas aulas” | 30 | Traballo persoal (6 h.) ** |
| | | | Reunións (18 h.) ** |
| | | | Docencias a custe 0 (6 h.) ** |

PARTICIPANTES:

- Aqueles interesados participando en tódalas actividades propostas

Planificación e calendario de reunións:

Obxectivo: Participar e reproducir o traballo que se fai nas aulas de “libre elección Robótica” de 4º e 6º, facendo exactamente as mesmas propostas que se lle pantexan a eles, de modo que poidamos comentar e observar diferentes elementos de como levar a robótica ás aulas.

Proposta de planificación do traballo:

- **Reunións como as do curso pasado:** o 4º martes de mes ás 16:00 horas alternadas co outro seminario
- **Traballo a desenvolver:**
 - Nas diferentes reunións reproducir “clases” planificadas para o alumnado de 4º e 6º na área de libre elección Robótica (as UDIS que desenvolven ambas tédelas na web no apartado “programacións” e compartirei con vos o cartafol do centro en Prográmame onde se atopan.
 - **Elaborar un exemplo de planificación** (por grupos ou individual) de como introducir a robótica nas aulas (pode ser unha UDI ou unha explicación do proceso, actividades e exercicios sempre que figuren elementos do currículo). O mellor sería deseñar unha entre todos de centro para 1º e 2º, e enviala xunto coas que xa están feitas de 4º e 6º co currículo das áreas

Docencias:

- **6 horas:** a custo 0 por parte do coordinador

| | |
|---|---|
| Materiais a entregar en xuño coa memoria: (rematados a finais de maio) | Ademais dos documentos elaborados ata este curso no PFPP por ser o último ano, tamén engadiremos as propostas que plantexedes para o uso da robótica nas aulas. |
|---|---|

** Pendente de confirmar co CFR

Na web do centro existen dous apartados específicos para o seminario e o curso, onde estará ademais deste documento, o calendario de reunións e toda a documentación das ponencias e de axuda que precisemos.

Na web www.recursoseducativos.net poderedes atopar unha aplicación (prográmame) para a creación de Unidades Didácticas Integradas así como os perfíles no cartafol compartido no centro.

